

## NOTA DE PRENSA

### **O GALP RÍA DE PONTEVEDRA CONVOCA AO SECTOR A UNHA XUNTA PARA PROMOVER A COMERCIALIZACIÓN DA PESCA ARTESANAL**

A reunión celebrarase o luns 31 de agosto ás 12:00 horas na Biblioteca Municipal de Marín e enmárcase na iniciativa Pescado Artesanal

**Marín, 27 de agosto de 2020**

No marco da iniciativa [Pescado artesanal](#), o **GALP Ría de Pontevedra** presentará o vindeiro luns **31 de agosto**, ás 12:00 horas na Biblioteca Municipal de Marín, un **Plan de Traballo** cuxo obxectivo é **promover a comercialización e o consumo das capturas que proveñen da pesca artesanal**, así como poñer en valor esta fórmula sostible de manter activa a economía da zona.

Desde o grupo **convidan ao sector a participar** nesta reunión á fin de facer unha **posta en común** sobre o contido do programa e coñecer a súas opinións e suxestións ao respecto. A idea desta sesión de traballo é axustar e acordar as accións que se poñerán en marcha nos próximos catro meses e as datas previstas para o seu lanzamento.

Trátase dunha proposta pensada para revitalizar o sector, con actividades de diversa índole, na que a plataforma [pescadoartesanal.com](#) será o medio empregado para captar á potencial clientela. Esta ferramenta web para profesionais do sector, permite comercializar de forma conxunta as capturas que proveñen da pesca artesanal da Ría de Pontevedra mediante un sistema de avisos de captura e oportunidades de comercialización de peixe e marisco do día.

A presidenta do GALP Ría de Pontevedra, **María del Carmen Vázquez Nores**, será a responsable de abrir a xornada e a xerente do grupo, **Laura Nieto Zas**, presentará os obxectivos da mesma. Seguidamente, darase a coñecer o Plan de Traballo e abrirase o tempo para a revisión das actividades previstas.

A esta reunión está convidados a participar tanto representantes das lonxas da ría como representantes do sector comercializador e restauradores adheridos á plataforma [pescadoartesanal.com](#). Tamén convídase a participar aos Concellos como xestores das Prazas municipais de Abastos nos que se comercializa ao cliente final o produto pesqueiro fresco.

As **persoas interesadas** en participar nesta sesión de traballo, dunha hora aproximadamente de duración, **deberán confirmarlle a súa asistencia** ao GALP Ría de Pontevedra a través do teléfono 886 213 015 ou no correo electrónico [gacpontevedra@gmail.com](mailto:gacpontevedra@gmail.com) para poder garantir as correspondentes medidas hixiénicas e de distanciamento físico. O uso de máscara será obrigatorio.

## **Pescado artesanal**

O proxecto Pescado artesanal está liderado polo GALP Ría de Pontevedra e conta co apoio de todas as confrarías de pescadores da súa zona de influencia (Bueu, Marín, Lourizán, Pontevedra, Raxó, Portonovo e Sanxenxo).

**Departamento de comunicación do GALP Ría de Pontevedra**

Correo electrónico: [comunicacion@galpriadepontevedra.org](mailto:comunicacion@galpriadepontevedra.org)

Contacto: 636 792 073 / 616 703 186



Unión Europea  
Fondo Europeo  
Marítimo e da Pesca  
(FEMP)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MAR